

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

XII Forum for iberian studies

Sobre as identidades e o xénero nas culturas ibéricas

Este venres 1 de xuño dá comezo en Oxford este foro, que reúne expertos en literatura de varias universidades galegas, españolas e portuguesas.

Redacción - 17:32 31/05/2007

Queer, queerer, queerest: evolving gender identities in Portugal and Spain, é o título do duodécimo Foro de Estudos Ibéricos no [Exeter College](#), en Oxford, que terá lugar este venres 1 e sábado 2 de xuño. Organízano a propia universidade de [Oxford](#), a barcelonesa [Ramón Llull](#), o Instituto [Camões](#) e a Secretaría Xeral de [Política Lingüística](#) da Xunta de Galicia.

Dende a perspectiva dos *queer studies*, achegarémonos a figuras das literaturas ibéricas de todas as épocas: o xénero no Século de Ouro español da man de Kathleen Mountjoy (de Oxford), introducida por Jonathan Thacker, do Merton College, ou a muller na oratoria do Padre António Vieira, por M^a Isabel Morán Cabanas (da USC) e José Eduardo Franco, da Universidade de Lisboa, e mesmo a abordaxe queer de Camões que realiza Frederico Lourenço (tamén de Lisboa), introducido por Thomas Earle (do Saint Peter's College) abren a primeira das xornadas.

Xa na tarde do venres, María Liñeira, lectora no Centro de Estudos Galegos de [Queens](#), introduce estudos relacionados coa nosa literatura: *Cibrán, o engano da heterosexualidade presumida*, é a achega de Carne Fernández Pérez-Sanjulián (Universidade da Coruña) sobre o célebre personaxe d'*A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Isabel Castro Vázquez, da Universidade de [Towson](#) (nos EUA), falará sobre *O punto de xénero e sexualidade no corpus literario de Manuel Rivas*.

Alén da literatura, hai quen indaga noutras linguaxes estéticas: así, dende a Universidade de [Barcelona](#), Andreu Navarra Ordoño aborda a construción da masculinidade como instrumento de dominación no franquismo: *Fascismo y virilidad: El hombre clásico en la propaganda fascista española*, é o título da súa intervención. E despois dun café, dúas análises feministas do cinema de Almodóvar: Carles Gutiérrez-Sanfeliu (Oxford) introduce *Cuerpo, destino y bisturí en Todo sobre mi madre*, de María Donapetry ([Pomona](#) College, EUA), e *Sueños y lágrimas: la masculinidad de Marcos en Hable con ella*, de Robin Fiddian ([Wadham](#) College, Oxford).

Xornada do sábado

Stephen Parkinson ([Linacre](#) College, Oxford), dá paso a Ana Cristina Santos, do centro de estudos interdisciplinares de xénero da Universidade de [Leeds](#), abordando directamente o activismo queer: *Queering the queer turn: LGBT activism and outcomes in Portugal*; *Orgull revolucionari* é a achega de Jordi Mir Garcia, dende a [Pompeu Fabra](#) de Barcelona, e pecha a mañá Rosario Hernández Catalán (da Universidade de [Oviedo](#)), con *Cognitariado femenino en España: de la imagen a la carne*. "Cognitariado" é o termo proposto polo filósofo Franco Berardi no seu libro *A fábrica da infelicidade* para referirse á conciencia de clase no traballo cognitivo, a nova explotación dos traballadores na sociedade-rede.

As próximas conferencias circulan en torno ao poeta de Coímbra [Al Berto](#): Claudia Pazos-Alonso (do Wadham College) presenta a Mark Sabine, que vén dende Nottingham, con *(Self) Discoveries and (Rough) Trade: Queer Portuguese identities and beyond in the work of Al Berto*. Logo de comer, Laura Soler, lectora de catalán en Oxford, introduce a Noèlia Diaz Vicedo, cun estudo sobre *Terra de Mai*, da poeta catalá Maria-Mercè Marçal's, caracterizada polo recorrente desdoblamento de si mesma em identidades diversas. E, a seguir, João Luis Monteiro Leal (de Saint Peter's, Oxford) expón *A reading of Al Berto's work: autobiography, fragmentation and homoerotic desire*.

A homosexualidade na literatura catalá centra as últimas intervencións da tarde do sábado, introducidas por Xon de Ros (Lady Margaret Hall): *Homoerotisme, psicoanàlisi i malaltia: identitats patològiques en la narrativa catalana*, de Mercè Picornell Belenguer & Margalida Pons Jaume (dende a Universidade das Illas Baleares), e *Terenci Moix o el arte de la maledicencia*, de Carles Gutiérrez-Sanfelíu (University of Oxford). Este autor catalán, falecido hai catro anos, ten manifestado abertamente a súa homosexualidade e enfrontouse con outros autores, como Cela, pola súa tamén aberta homofobia.

Novas relacionadas

- [Sexualidades transgresoras no próximo XII Forum for Iberian Studies](#)